Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo correspondente á sesión extraordinaria que se celebrou o xoves día 20 de novembro de 2008 ás 18 h 30 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

Camilo Vázquez García (CIG); Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Luís Anido Rifón (CIG); Xosé A. Vila Sobrino (CIG); Xavier Roca Pardiñas (CIG); Gloria M. Pena Uris (AGPTU); María Vera Isasa (AGPTU); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); Generosa Fernández Manín (AGPTU); J. Enrique Ares Gómez (UXT); Manuel Ramos Cabrer (UXT).

Desculpan a ausencia: F. Javier García Núñez (UXT); Joám J. Santamaría Conde (UXT). Manuela Raposo (UXT) está de baixa médica.

O punto único da orde do día foi:

1. Posicionamento da Xunta de PDI verbo da falta de atención por parte da Reitoría á nosa solicitude do 7 de xullo

Acordáronse por unanimidade as seguintes medidas:

a) Pedi-la presenza do Presidente da Xunta de PDI no próximo Consello de Goberno.
b) Consensuar un texto para que o Presidente o lea no Consello de Goberno. O texto consensuado engádese en anexo.
c) En caso de que o Consello de Goberno non acepte as nosas reivindicacións, darlle publicidade interna e externa ás nosas reivindicacións e á postura do Consello de Goberno.
d) En caso de que o Consello de Goberno non acepte as nosas reivindicacións, animar ós profesores a que indiquen, no sobre da enquisa dos alumnos, que non se cumpre co artigo 97 dos Estatutos da Universidade de Vigo debido a que a enquisa non é obxectiva nin se realiza coas garantías técnicas suficientes.

E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 19 horas 30 minutos.

Vigo, 20 de novembro de 2008

O Secretario — O Presidente

Asdo. Aquilino Alonso — Asdo. Camilo Vázquez